



En resposta ás consultas de varios centros sobre as datas para a entrega das actas dos “Traballos Fin de Máster”, comunícase que o calendario académico do curso 2014/2015, aprobado na Sesión de Consello de Goberno de data 6 de xuño de 2014, establece no apartado 9 as datas para a entrega das actas dos “Traballos de Fin de Grao”, non regulándose no mesmo as datas para a entrega das actas dos “Traballos Fin de Máster”.

Tendo en conta que o calendario académico é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na universidade de Vigo, esta Secretaría Xeral entende que houbo unha omisión na redacción do mencionado apartado 9 do calendario, polo que debe interpretarse que **as datas para a entrega das actas dos TRABALLOS FIN DE MÁSTER son as mesmas que as establecidas para os TRABALLOS DE FIN DE GRAO.**

Vigo, 28 de xullo de 2014

A SECRETARIA XERAL

Gloria Pena Uris

Sres/as Decanos/as e Directores/as de Centros